

Crónica familiar

Unha viaxe pola memoria



MANUEL ROSALES

Desde *A xeira das árbores* (2004) Teresa Moure parece afunzarse no panorama das nosas letras sen desprezar formas de expresión como a narrativa breve e sabendo incorporar desde outros xéneros, como o ensaio que ela practica, a realidade da Galicia deste e doutros tempos.

Con *A casa dos Lucarios* invítanos esta escritora a entrar no mundo íntimo das lembranzas de familia. A través da casa, convertida en metáfora da vida –familiar e nacional– Teresa Moure deita imaxes e símbolos sobre a sociedade galega. A ollada desa neta que relata a vida dos Lucarios –desde a voda dos seus avós, Rosa e Chicho, xa hai sesenta anos, ata o ano actual– convértese nunha ollada cara ao exterior e interior deste país. Con esta fonte de inspiración Teresa Moure non necesita de discursos sociais e morais para facer unha crónica social. Galicia vai mudando como a casa dos Lucarios. Hai certa nostalxia e melancolía neste decorrer histórico. As transformacións sufridas –como a propia casa– pare-



cen
ir alon-
x á n d o a
das súas raíces. Chinto
quéixase, como os primeiros galeguistas, que a gaita

vai quedando arrombada. Pasamos, a pesar da brevidade da obra, da ditadura á democracia, e asistimos aos cambios que se van producindo na nosa sociedade (emigración, democracia, especulacións, traxedias...) e a absorción da propia cultura por outra foránea. Pero a crónica, que calla en diferentes formas e personaxes, é esperanzadora. Dentro deste discurso maino de Laura observamos un conxunto de reflexións, un movemento de conciencia da saíva nova que nos leva a comprender e a tratar de superar estes cambios. Hai na obra un ton de

familiaridade que crea a ilusión de que a cronista está a manter unha conversa co lector. En cada unha das escenas que proxecta a voz autobiográfica, ábrese unha perspectiva simultaneamente subxectiva –non exenta de ironía ou de sutil lirismo– e informativa, na liña de mostrar o tempo como memoria e á vez superación do pasado.

Nesta viaxe pola memoria cabería destacar o protagonismo que acadan as figuras femininas. Se a avoa fora o soporte da casa, o corpo da neta converterase tamén en casa para a súa futura filla, un elo máis na cadea de Lucarios, porque podemos dicir que a novela vai adquirindo esa estrutura lineal de historias engarzadas polo fio simbólico da casa convertida en espazo-protagonista. Nesta articulación tamén caben historias con certo sabor a realismo máxico, como a de Dosinda e Leocadia, que nos fan comprender que estamos ante unha noveliña dunha autora con voz propia.

MOURE, Teresa, *A casa dos Lucarios*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 94 páxinas.